



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO PARA O DIA XOVES 30 DE XANEIRO DE 2025

En cumprimento do previsto no artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no 78 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e segundo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal o 7 de xullo de 2023,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria do **Pleno da Corporación Municipal** para:

- ➔ Día: xoves 30 de xaneiro de 2025
- ➔ Hora: 20:00
- ➔ Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello.

Coa seguinte orde do día:

PARTE I. ADOPCIÓN DE ACORDOS

1. APROBACION DA ACTA DA SESION ANTERIOR RELIZADA O DIA 31 DE OUTUBRO DE 2024.
2. APROBACION DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 28 DE NOVEMBRO DE 2024.
3. APROBACIÓN PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2025.
4. MOCIÓN PRESENTADA POLO BNG SOBRE O REXEITAMENTO AO "NOVO" PROXECTO DE REAPERTURA DA EXPLOTACIÓN MINEIRA DE COBRE SAN RAFAEL SL NOS CONCELLOS DE TOURO E O PINO.
5. MOCIÓN PRESENTADA POLO BNG DE APOIO Á CELEBRACIÓN DO ANO CASTELAO EN 2025.
6. MOCIÓN PRESENTADA POLO BNG PARA O CUMPRIMENTO DA LEI DE MEMORIA HISTÓRICA DO CONCELLO DE PADRÓN.
7. MOCIÓN PRESENTADA POLO BNG PARA A MELLORA DA EDUCACIÓN E DA OFERTA EDUCATIVA DE PADRÓN.
8. MOCIÓN PRESENTADA POLO BNG PARA BENEFICIO FISCAL DE VIVENDAS QUE REALICEN COMPOSTAXE DE MATERIA ORGÁNICA CON COMPOSTEIROS.

PARTE II. CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

9. DACION EN CONTA DOS DECRETOS DO ALCALDE 1164/2024 AO 1286/2024 E DO 01/2025 AO 49/2025.
10. DACIÓN DE CONTA DO INFORME TRIMESTRAL ELABORADO POLOS DEPARTAMENTOS DE INTERVENCIÓN E TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS NA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS, NA SÚA REDACCIÓN DADA POLA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO. 3º TRIMESTRE.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

11. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS ADOPTADAS POLA PRESIDENCIA CONTRARIAS AOS REPAROS SUSPENSIVOS FORMULADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL. REPAROS 25-36/2024.

12. MOCIÓNS DE URXENCIA.

13. ROGOS E PREGUNTAS.

Segundo. Facer pública a presente resolución mediante a inserción da mesma no Taboleiro electrónico do Concello de Padrón (<https://sede.padron.gal/>) e no de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello (www.padron.gal), dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas membros do Pleno poñendo á súa disposición todos os asuntos incluídos na orde do día no Portal de Cargos Electos accesible dende a sede electrónica do Concello de Padrón (<https://sede.padron.gal/>), coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca